

RESOLUCIÓN REITORAL POLA QUE SE APROBA A ORGANIZACIÓN DUN OBRADOIRO DE COCIÑA “COMIDA CASEIRA, SINXELA E SAUDABLE PARA O TRABALLO” NO CAMPUS DE PONTEVEDRA

A Vicerreitoría do campus de Pontevedra posúe capacidade para organizar cursos, obradoiros, conferencias, así como aquelas actividades que teñen como obxectivo, entre outros, a difusión do coñecemento e da cultura a través da extensión universitaria e a formación, en virtude das facultades que lle outorgan a Lei Orgánica 2/2023, do 22 de marzo, do Sistema Universitario, e os Estatutos da Universidade de Vigo, aprobados polo Decreto 13/2019, do 24 de xaneiro, e publicados no DOG nº 38, do 22 de febreiro do 2019.

Tendo en conta o anterior, esta reitoría **RESOLVE**:

1. Anunciar a celebración do obradoiro de cocina “*Comida caseira, sinxela e saudable para o traballo*”, con suxeición ás bases que figuran no Anexo I.
2. Ordenar a publicación da presente resolución no taboleiro da sede electrónica <https://sede.uvigo.gal/>

Contra esta resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses contados dende o día seguinte á súa publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/1998 do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

Así e todo, as persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución recurso de reposición no prazo dun mes contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso, non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

O reitor

Por delegación R.R. do 30/05/2024 (D.O.G. do 10/06/2024)

A vicerreitora do campus de Pontevedra

Eva María Lantarón Caeiro



ANEXO I

OBRADOIRO “Comida caseira, sinxela e saudable para o traballo

Datas de celebración: 8, 15, 22, 29 de novembro e 13 e 20 de decembro de 2024.

Horario: 19,00 a 21,00 h

Total horas: 12

Lugar de celebración: Local da empresa “Cousiñas Cociña” situadas na Rúa Camiño do Ferro nº4 Local 6. 36003 Pontevedra

Descrición do curso:

SEMANA 1:

- “Ensalada tépeda de cuscús con berenxena, lentella e vinagreta de froitos secos”
- “Arroz integral, soia texturada con vinagreta de mel e sementes”
- “Timbal de berenxena con verduras, espinaca e bechamel”

SEMANA 2: “Carnes fáciles”

- “Macarróns con ragú de tenreira e verduriñas”
- “Lombos de porco encebolados con arroz branco”
- “Arepas de pito”

SEMANA 3:

- “Guiso de fabas”
- “Vichyssoise”
- “Lentellas vexetais con pataca”

SEMANA 4:

- “Fideos con mexillóns”
- “Falso pad thai con gambiñas”
- “Luras guisados con pataca”

SEMANA 5:

- “Tortiñas de froita”
- “Galletiñas de froitos secos”
- “Galletas salgadas de espinaca con queixo crema e olivas”

SEMANA 6:

- “Souflé de queixo e pemento”
- “Timbal de salmón e pataca”
- “Mousse de chocolate”

Docente:

Nieves Lorente Martín

Prazas: 14

Destinatarios: Comunidade universitaria da Universidade de Vigo (grupo A e colectivos do grupo B) por orde de inscrición. No caso de quedar prazas vacantes establécese un prazo de matrícula para o público en xeral.



Información e matrícula: campusactivo.uvigo.gal

Prezo:

O importe da matrícula será:

Público xeral: 40 euros

Colectivos A e B da comunidade universitaria: 26 euros

Colectivo C da comunidade universitaria: 32 euros

A consideración de persoa pertencente á comunidade universitaria e de persoa vencellada á Universidade de Vigo en relación coas actividades de extensión universitaria está determinada no acordo do Consello de Goberno da Universidade de Vigo de 24 de xaneiro de 2023 (pode consultarse no seguinte enlace: <https://secretaria.uvigo.gal/uv/web/normativa/public/show/441>)

Prazo de matrícula:

- Comunidade universitaria da UVigo (grupo A) e colectivos do grupo B:
Desde as 9.00 horas do 14 de outubro ás 23.59 horas do 31 de outubro de 2024.
- No caso de quedar vacantes; todas as persoas en xeral:
Desde as 9.00 horas do 1 de novembro ás 23.59 horas do 6 de novembro de 2024.

Información sobre protección de datos:

De acordo co disposto no artigo 13 do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, de 27 de abril, relativo á protección da persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento Xeral de Protección de Datos ou "RXP") e co disposto no artigo 11 da Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, informámoslle que os datos que vostede nos facilite na solicitude, serán tratados baixo a responsabilidade da Universidade de Vigo, coa finalidade de xestionar a convocatoria do obradoiro "Comida caseira, sinxela e saudable para o traballo).

Coa súa participación nesta convocatoria a Universidade de Vigo publicará os seus datos, de acordo cos principios de publicidade e transparencia, e conforme ás bases desta resolución.

Non obstante e co fin de previr riscos para a publicidade de datos persoais de vítimas de violencia de xénero, dita circunstancia deberá comunicala a persoa afectada coa maior celeridade posible á Unidade de Igualdade da Universidade de Vigo ao teléfono 986 813419 ou ao enderezo electrónico igualdade@uvigo.es.

Estes datos trataranse durante o tempo imprescindible para cumprir coa citada finalidade e serán conservados

durante o prazo necesario para determinar as posibles responsabilidades que se puideran derivar de dita finalidade e do tratamento dos datos.

Ten dereito a solicitar ao responsable do tratamento, en calquera momento, o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos persoais e a limitación do seu tratamento. Tamén terá dereito a oporse ao devandito tratamento, así como a solicitar, salvo casos de interese público e/ou exercicio de poderes públicos, a portabilidade dos seus datos.

Os devanditos dereitos poderá exercelos mediante solicitude en sede electrónica da Universidade de Vigo <https://sede.uvigo.gal/> ou solicitude dirixida ao Reitor da Universidade de Vigo e presentada ante o rexistro da Universidade de Vigo, ou calquera dos rexistros indicados no artigo 16 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas e remitida á Secretaría Xeral da Universidade de Vigo, Campus universitario Lagoas-Marcosende, 36310 Vigo (Pontevedra). Para máis información: <https://www.uvigo.gal/proteccion-datos>.

Igualmente poderá dirixir dita solicitude directamente á Delegada de Protección de Datos da Universidade de Vigo, ao enderezo electrónico: dpd@uvigo.gal.

Así mesmo, se a súa solicitude non é atendida pola Universidade de Vigo, vostede ten dereito a presentar unha reclamación ante a Axencia Española de Protección de Datos (AEPD).

